

MEMORIA

**DEPARTAMENTO DE
EDLG**

CPI ATIOS



CURSO 2021 - 2022

1. Introducción.....	2
1.1. Composición do Departamento.....	3
1.2. Marco Normativo.....	4
2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos	4
3. Accións realizadas	5
4. Modificacións da Programación Didáctica.....	12
5. Dificultades atopadas	13
6. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso	13
7. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento.....	13
8. Outros aspectos de interese.....	13
9. Principais conclusións.....	14

1. Introducción

O CPI Atios está situado no Concello de Valdoviño (A Coruña). Ao tratarse dun CPI, integra nun mesmo espazo tres etapas educativas, o que tentaremos aproveitar de xeito positivo para o desenvolvemento deste proxecto con respecto ao ano escolar, cunha visión máis ampla cara á planificación lingüística do Centro.

A relación do alumnado matriculado nas diferentes etapas educativas é a seguinte:

- Educación Infantil: 79
- Educación Primaria: 250
- Educación Secundaria: 199

TOTAL: 528

Debido á dispersión xeográfica do Concello de Valdoviño, a meirande parte do noso alumnado ten que utilizar transporte para achegarse ao CPI.

O equipo docente está conformado por un total de 54 profesionais. O centro conta ademais con 6 persoas de persoal non docente: un conserxe, unha administrativa, catro traballadoras na cociña, e un coidador, así como con outros membros de persoal colaborador para o comedor, cafetería e actividades extraescolares.

O noso centro está integrado nun contorno sociolingüístico galego falante entre a xente maior, que se percibe nunha boa fonética e no mantemento de estruturas morfosintácticas propias do galego así como o uso de moito léxico.

Despois de analizar o Proxecto lingüístico do Centro constatamos que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá o que reverte na falla de mantemento xeracional na lingua galega.

Poderíamos dicir entón que estamos nun contorno galego falante entre as xeracións dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable cara o uso do galego aínda que dificultada cada vez máis pola presión social e pola falla de factores que favorezan a potenciación e a valoración da validez da lingua galega fronte a calquera outra e en calquera ámbito.

Respecto ao noso CPI, debemos engadir que o galego está presente non só como lingua administrativa e na documentación oficial do centro, senón que é lingua de uso de parte do persoal docente nas comunicacións orais, nunha alta porcentaxe das comunicacións académicas, nas ferramentas administrativas, tecnoloxías da información e comunicación e ocupa un amplo espazo dos recursos de lectura e consulta na biblioteca. A presenza do galego no persoal non docente é similar ao da comunidade docente.

Partindo da nosa realidade lingüística, recollida no Proxecto Sociolingüístico do Centro, marcámonos un ano máis como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizalo en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico senón tamén lúdico, formal e informal.

1.1. Composición do Departamento

Profesorado

Sara Delgado Porto (EI), María Sonia Corral Almeida (EP), Blanca Riveira Roca (EP), Gema Romero Crego (EP), M^a Verónica Túñez Pérez (ESO), Luísa Pita Rubido (ESO), Francisco José Castiñeira González (ESO), M^a Dolores Otero Mariñas (ESO).

Representante do ED

M^a José Ruán Serantes (Xefa de Estudos de Primaria)

Alumnado

1º ESO A

Naia Castaño Castro.

1º ESO B

Marta Chans Gómez, Milagros Fernández García, Uxía Gabeiras Castro, María Gerpe Amado.

1º ESO C

Yerai López Pereira, Laura Panceiras Padín, Duarte Pantín Carmona, Elena Paz Seijas, Alicia Pena Hermida, Andrea Penín Fojo, Celia Prados Ponce, Bruno Redondo Rioboo, Paula Rodríguez Monje, Almudena Rodríguez Pego, Marta Sanmartín Veiga, Saray Sedes Alonso, Diego Testa Roca, Isis Vázquez Rodríguez.

2º ESO A

Loaira Barbeito Rojas, Lucía Castro García, Sabela Castro Ruíz, Carla Díaz Mella, Laura Díaz Rodríguez, Sara Fernández Rama, Irene García Martínez.

2º ESO B

Iker Crespo Pérez, Freddy García Núñez, Alba González Prieto, Miguel Graña Del Solar, Blanca Hervada López, Óscar Martín López, David Naveiras Ramos, Iván Ogando Fernández, Amalia Pena Bustabad, Esmeralda Pita dos Santos, Sara Quiza López, Icíá Rivera Martínez, Claudia Sande Bahamonde, Manuel Santalla Ramos, Claudio Sanz García, Manuel Veiga Ulloa, Hugo Vigo Vázquez.

3º ESO A

Sara Bordello Fernández, Sara Bouza Rodríguez, María Fraga Fraga.

3º ESO B

Sergio Soto Álvarez e Patricia Vergara Tellado.

4º ESO A

Sara Blanco Pintos, Adrián Cernadas Varela, Xeila Díaz Santos, Paula Feijoo Paredes, Álvaro Fernández Ferreira, Antía Fernández Iglesias, Adán Fernández Van Egmond, Alba Freire Caneiro, Hugo González Somoano, Roi Gutiérrez Díaz, Mía Nadja Lago Calvo, Ana Medín Ruán, Lucía Pérez Rodríguez, Mateo Santiago Piñeiro, Aarón Varela Piñón, Andrés Vilar Álvarez, Estrela Vizoso Díaz.

4º ESO B

Alba García Fernández, Marta López López, Candela Sanesteban Torres.

Persoal non docente: M^a Begoña López Fernández (Administración)

Xefatura de departamento: Vanessa Pita Santalla

1.2. Marco Normativo

Constitución Española, aprobada no ano 1978, artigo 3º.

Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado no 1980, título primeiro, artigo 5º.

Lei de normalización lingüística (1983).

Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado o 22 de setembro de 2004.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos

Obxectivos xerais	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).	*		
Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.		*	
Prestixiar o galego como lingua vehicular, instrumento indispensable da nosa cultura.		*	
Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o desenvolvemento persoal dos cidadáns.		*	

Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC.		*	
Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.		*	
Deseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do Centro.		*	

Obxectivos específicos	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Coñecer o tema que sexa proposto para o proxecto anual e traballalo dende a lingua galega.	*		
Garantir a presenza da lingua galega como medio de comunicación, nas materias de uso obrigado e no Plan Lector do Centro.	*		
Utilizar a lingua galega nas actividades extraescolares e complementarias que o centro organiza.	*		
Facilitar material en lingua galega para os distintos Departamentos.	*		
Realizar actividades que utilicen a lingua galega como ferramenta de comunicación e impliquen actuacións de carácter interdisciplinar.	*		
Facilitar, tanto ao profesorado como ao alumnado, o acceso ás Tic que fomenten o uso correcto da lingua e melloren así a súa valoración positiva.	*		
Pór a disposición da Comunidade Educativa as posibilidades que internet ofrece en recursos lingüísticos, culturais, educativos ...	*		
Fomentar actividades que impliquen a participación activa do profesorado, do alumnado e das familias.	*		
Continuar coa colaboración en materia sociolingüística co noso concello.	*		
Establecer relacións en materia sociolingüística con outras institucións relacionadas, dalgún xeito, co centro.	*		

3. Accións realizadas

Debemos ter en conta que a organización destas actividades e actuacións está suxeita ao desenvolvemento do ano escolar, pois debe adaptarse ás posibilidades que se poidan dar, así como ás novas iniciativas que vaian xurdindo.

Atopamos o problema engadido do obrigado cumprimento dos protocolos de actuación pola COVID, o cal limita bastante as actividades que se poden realizar.

Celebráronse as distintas efemérides ao longo do trimestre en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias e o Equipo da Biblioteca, así como con outros equipos de traballo e os Departamentos do centro.

As actividades estiveron baseadas no Proxecto de Dinamización da Lingua Galega: *Un mar de historias*.

Festa do Magosto e Samaín

- Concurso de cabazas, centros de outono e colares de zonchos: as familias elaboraron nos seus fogares cos seus fillos e fillas cabazas, centros de outono e colares de zonchos, que despois trouxeron ao centro.

- Festival de Magosto e Samaín: entre o xoves 28 e venres 29 de outubro, o alumnado puido degustar as castañas e zonchos que aportaron dende a súa casa, e tamén o pan con chourizo, recibindo axuda da ANPA para repartilo.

Todo o alumnado do centro podía vir disfrazado e, para ese día, ambientáronse as aulas coma se se realizasen pequenas Aulas Terroríficas, aínda que este curso, retomamos de novo a Aula Terrorífica xeral, facéndoa na Casa do Conserxe.

Ademais en cada clase organizaron as súas actividades, tendo unha batería de propostas elaborada dende o EDLG.

- Xogos cooperativos: en colaboración co Departamento de Educación Física.

- Gran Xogo do Magosto: este curso, tamén se puido retomar o formato do gran xogo para o alumnado de Primaria, tendo especial relevancia a participación de todo o profesorado deste nivel para poder levalo a cabo.

Realización e entrega de Diplomas e premios do Concurso de Outono

Ás persoas gañadoras do Concurso de Cabazas, Centros de Outono e Colares de Zonchos, entregóuselles un diploma, un vale para a cafetería do centro e uns agasallos aportados pola Biblioteca.

A relación de persoas premiadas, é a que segue:

INFANTIL	PRIMARIA	SECUNDARIA
Irene Fraguela Fdez. 4ºA	Iago Freire Suárez 2º A	Paula Rodríguez Monje 1º C
Vega López Graña 4º A	Yanirhe Vergara Gómez 2º B	
Alba Díaz López 5º A	Mª Elena Arcos Méndez 3º A	

Lola Caneiro Fraga 5º A	Lucas Caneiro Fraga 3º B	
Valle Pernas Díaz 5º A	Vera Pernas Díaz 3º A	
Ían Fernández Morado 6º B	Iván Villar Pedre 6º A	
Óliver Martínez Graña 6º B	Jimena Freire Vega 5º A	

Mes da Ciencia en galego

O mes de novembro, é o mes da Ciencia en Galego, para poder mostrar que a lingua é válida en calquera disciplina.

Para poder celebralo no CPI Atios, ademais de contar coa colaboración da nosa Biblioteca, tamén participamos co alumnado nas Conferencias on line que ofreceu a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Igaciencia, en colaboración co Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Día contra a Violencia de Xénero

O 25 de novembro elaborouse unha actividade en conxunto para todo o centro escolar.

A FANPA de Ferrolterra facilitounos unhas siluetas de mulleres e nenas, xunto cuns post - its para escribir mensaxes en contra da violencia de xénero. Estiveron expostas na entrada do centro ata o 16 de decembro.

Ademais desta actividade en conxunto, o profesorado dispuxo dunha batería de actividades elaborado polo EDLG, onde puideron escoller o xeito de celebrar o día Contra a Violencia de Xénero de maneira individual nas aulas.

Festival de Nadal - Fin de ano

Neste curso topamos sempre coa dificultade de poder sacar adiante as actividades en conxunto, coma en cursos pasados.

- Deste xeito, argallouse unha Festa de Fin de Ano para poder celebrar no colexio, sen que ninguén saltara o protocolo. Fíxose unha retransmisión vía Webex dunhas badaladas ficticias.

En cada clase, celebrouse dun xeito distinto, pero si que se puido poñer en común ao estar o centro e a xente ambientada con roupa de Nadal e poder gozar e celebrar o discurso dun “rei” que elaborou o alumnado de 4º da ESO e as badaladas todo o alumnado á vez, dende Infantil ata Primaria.

- Visita do Apalpador, Papá Noél e Reis Magos ás aulas de Infantil e Primaria: de novo o alumnado de 4º da ESO, prestouse a caracterizarse destes personaxes para visitar ao alumnado máis novo.

- Concurso de Postais de Nadal: aberto a todo o alumnado do centro.

Realización e entrega de Diplomas e premios do Concurso de Postais de Nadal

Ás persoas gañadoras do Concurso de Postais de Nadal, entregóuselles un diploma, un vale para a cafetaría do centro e uns agasallos aportados pola Biblioteca.

A relación de persoas premiadas, é a que segue:

INFANTIL	PRIMARIA	SECUNDARIA
Mención de honra a dous grupos de Infantil	Rubén Dopico Soto 2º A	Yasmín da Silva Lago 3º B
Bruno Bouza Muíño 6º B	Noa Paineiras Padín 4º A	Sara Fernández Rama 2º A
	Lidia Otero Quiza 5º A	

30 xaneiro. Día escolar da Non Violencia e a Paz

- Realización dunha canción co alumnado de Primaria, a cargo da profesora de Música.
- Realización dun mural conmemorativo a cargo do pintor Manuel Carballeira.

21 días co Galego e +

Durante todo o mes de febreiro leváronse a cabo distintas actividades relacionadas co programa do que o centro formou parte este curso. Dentro do programa, desenvolvéronse as seguintes actividades:

- Festa de inauguración.
- Libro ás cegas: escolla dun libro empacotado e posterior recensión oral.
- Photocall.
- Xogos populares.
- Galeoke.
- Primeiras citas: emulando o programa da televisión “First dates”, teñen que relacionarse cunha parella aleatoria durante 5 minutos conversando con ela en galego.
- Obradoiro de chapas.
- Obradoiro de tatuaxes.
- Pero ti que inventas!/: xogo con dados de imaxes para contar historias.
- Obradoiro de música tradicional.
- Día da Paz: elaboración dun mural sobre a paz en lingua galega, no novo espazo de lecer do centro.
- Día de Rosalía: realización de distintas actividades nos distintos niveis educativos, lembrando a figura da poeta.
- Entroido: relacionado desta volta co mar, un recurso moi achegado ao alumnado.
- Faladoiros: con A Lobeira Today, Recuncho Gamer, Rogelio Santos, Raíña Vermella e

Neeumatiko.

- Charla - obradoiro con EcoNarón: tenda de produtos ecolóxicos do concello veciño, fomentado a sustentabilidade e consumo responsable.
- Cartas de amor e amizade pola Candeloria: escritura e reparto de cartas.
- Obradoiro de Química e +: coa profesora de Física e Química do centro, para achegar a ciencia e experimentación en galego.
- Concurso de Pasagalego.
- Concurso de Roteiro: trivial galego.
- Concurso de “De súpeto unha palabra”: acabou coñecéndose coma “A palabra do día”.
- Menú galego: no comedor escolar desenvolveuse un menú con produtos e pratos típicos galegos.
- Festa de clausura: co grupo Bitter Cans, Lotho e Pandeireteiras de Atios.

Día da muller e a nena na Ciencia

Acudiu ao noso centro a psiquiatra e divulgadora científica Iria Veiga Ramos, impartindo unhas interesantes charlas a alumnado da ESO.

Traballárase para concienciar ao alumnado da necesidade de facer visible o traballo feminino no ámbito científico - tecnolóxico.

Postais pola Candeloria, Día do amor e da amizade

Escrita de cartas de amor e amizade, para repartilas despois entre as persoas destinatarias.

Traballo en titorías sobre a desmitificación do amor romántico, e os estereotipos de xénero.

23 febreiro. Día de Rosalía

Actividades para conmemorar o día do nacemento da nosa escritora máis universal.

Lectura de textos da poeta, ou similar, poderán ser gravados para ser subidos á canle de Youtube, ou retransmitidos pola radio.

Entroido

Xirando este curso en torno ao proxecto anual “Un mar de historias”.

Ademais de cumprir cos Mandados do Meco.

8 marzo. Día Internacional da Muller

Exposición na Casa da Cultura en colaboración con Concello, “Nosoutras somos arte”, realizada aportando distintas obras de arte feitas polo alumnado do centro.

21 marzo. Día da poesía

Lecturas e intercambios de poemas, tanto nas aulas coma na Biblioteca do centro.

XXII Certame Poesía e Imaxe: en Galego sen Filtro

Organizado polo CENLF, do cal somos socias.

É unha actividade destinada a tódolos niveis, no cal hai unha boa participación, e sempre se acada algún premio nalgunha das súas categorías.

1. Nivel Infantil

Traballo colectivo das 39 alumnas e alumnos das aulas de 6º A e B.

Poema escollido: Ya Mo, lingua chinesa

2. Nivel 1º, 2º e 3º de Primaria

Pablo Dopico Bouza de 1º A.

Poema escollido: Martín Makáwi, lingua tarahumara

3. Nivel 4º, 5º e 6º de Primaria

Noelia Couce Doce, Matilde Isabel Lamas Díaz, Celia Sanz García e Carlota Vigo Vázquez de 4º B.

Poema escollido: Miguel Ángel Meza, lingua guaraní

4. Nivel Secundaria

Irene Rodríguez Martín de 3º B.

Poema escollido: Chus Pato, lingua galega

Tódolos traballos presentados foron premiados.

Teatro con G

Neste curso non houbo modalidade de teatro afeccionado dos centros, e só se puido gozar do teatro profesional.

Ofrecéronse dúas obras: “A nena e o grilo máis aló” de Teatro dos Ghazafellos; e “O porco de pé”, de Producións Excéntricas.

Día da saúde

O Dpto. de Educación Física foi o máis implicado, organizando moitas actividades físicas pola contorna para o alumnado de Secundaria. Deste xeito, o alumnado pode apreciar a súa contorna facéndoo dun xeito saudable.

Para o alumnado de Primaria, fíxose por etapas o Camiño a San Andrés de Teixido, completado no mes de xuño.

A mocidade coa lingua

Tres alumnos de 3º da ESO e dúas de 1º da ESO, acudiron xunto coa profesora de L. Galega, Luísa Pita Rubido, a facer a gravación dos temas, un de elaboración propia, e outro adaptado dun poema, sendo neste caso, Os Pinos, o himno galego.

Celebración do Día do Libro

Nesta ocasión acompañounos a ilustradora e escritora Blanca Escrigas, para ofrecer unhas charlas ao alumnado de Infantil e Primaria.

Para ofrecer as charlas a Secundaria, acompañounos Sechu Sende.

Ofertáronse materiais en galego para os distintos niveis educativos e realizouse unha actividade conxunta para todo o centro, consistente na creación dun vídeo con fotografías de Bookfaces.

Festa dos Maíos

Neste curso, realizamos uns minimaíos por aula, e retomamos a costume da elaboración da alfombra floral no patio.

Pintura mural Letras Galegas

Coa colaboración do Dpto. de Plástica, levouse a cabo un mural colaborativo entre boa parte do centro, coa temática dos maíos, nesta ocasión, rematando o do curso anterior.

Día do Medio Ambiente

Realizouse unha saída coa estreita colaboración do Dpto. de Educación Física.

Letras Galegas

Ofertáronse materiais en galego para os distintos niveis educativos, dispoñibles na páxina web e celebrouse con actividades adaptadas a cada un.

Tamén se colocou a exposición oficial do autor homenaxeado, Florencio Delgado Gurriarán.

VIII Certame Carmela Loureiro

Participación na oitava convocatoria do concurso literario convocado polo Concello de Ferrol, no que nos últimos anos, rematamos tendo alumnado premiado. Desta volta, participaron:

MICRORRELATOS

Categoría A

- O que me fai sentir. Manuela Fraga Mesía. 5º Primaria B

Categoría B

- Soñar e sentir. Irene García Martínez. 2º ESO A

- Penumbra. Amalia Pena Bustabad. 2º ESO B (**1º premio**)

Categoría C

- Disparos ao amencer. Mateo Santiago Piñeiro. 4º ESO A

- O medo de vivir. Alba Freire Caneiro. 4º ESO A

MICROPOEMAS

Categoría B

- Non podo máis. Sara Fernández Rama. 2º ESO A (**Accésit**)
- O meu avó. Hugo Vigo Vázquez. 2º ESO

Categoría C

- As balas sucaban ceibes o ceo escuro. Ciro Saúl Pérez Fernández. 4º ESO B (**1º premio**)
- Conseguir vivir intenso. Estrela Vizoso Díaz. 4º ESO A

Mes da diversidade: Faladoiro LGTBIQ

Nesta ocasión, contamos coa presenza dun ex-alumno que veu a contarnos a súa experiencia coma persoa trans.

Actividades enmarcadas no Proxecto Anual “Un mar de historias”

Dende distintos cursos e niveis, estase traballando sobre o tema do proxecto anual: o mar.

Bo día Atios

A diario, e este curso xa de man do alumnado, ponse música atendendo ás peticións personalizadas e tamén cunha peza de música en galego cada día.

4. Modificacións da Programación Didáctica

Foron poucos os cambios realizados con respecto á programación inicial.

Os obxectivos, intentaron levarse a cabo todos, cada un deles, cun maior ou menor grao de consecución, pero todos se puxeron en marcha.

Con respecto ás actividades, leváronse a cabo unha maior parte delas, tendo que adaptar algunhas delas pola situación xeral do curso, e algunhas outras para traballar o tema escollido no Proxecto Anual de curso, Un mar de historias.

De 41 actividades previstas ao inicio de curso, leváronse a cabo 39. As que non se levaron a cabo, foron as seguintes:

- Viaxe ao 1900: non se puido sacar adiante a actividade debido aos cambios no calendario escolar e a saturación de traballo administrativo e doutra índole. Prevemos poder realizala o vindeiro curso.
- Contactos estremeiros: aínda que se contactou con varios centros escolares estremeiros, da zona do Bierzo, ningún quixo colaborar coa nosa proposta. O vindeiro curso seguiremos intentándo.

5. Dificultades atopadas

As dificultades atopadas ao longo deste curso debéronse sobre todo á situación de pandemia mundial, que nos obrigou a seguir uns estritos protocolos.

Ás veces, a falta de colaboración de alumnado e incluso profesorado.

6. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso

As actuacións de mellora para vindeiros proxectos, deben enfocarse, sobre todo ao alumnado.

Curso tras curso, podemos observar, como hai unha especial aversión pola lingua no seu entorno, que vén aprendida das familias, e ás veces, reforzada dende distintos ámbitos.

Polo tanto, é recomendable reforzar o uso habitual da lingua entre o alumnado, e intentárase que a vexan coma unha lingua real, que se pode utilizar tódolos días, e non coma unha lingua académica, relegada unicamente ao uso escolar, e moitas veces de maneira forzosa.

Tratarase de traballar máis dende as familias, e procurárase buscar unha maior implicación dende as entidades locais, para poder implicar activamente, non só ao alumnado, se non tamén ao seu entorno.

7. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento

Propostas de mellora	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Diversidade de actividades para cada nivel.	*		

8. Outros aspectos de interese

O vindeiro curso gustaríanos poder levar adiante de novo o programa 21 días co galego e +, aínda que non se poda participar de xeito oficial. Por iso, pode que nolo plantexemos coma unha actividade máis curta, pero tamén intensa.

A contía que nos foi concedida polo Proxecto de fomento de uso do galego, foi de 879 € sobre 1000 €, cunha valoración das máis altas da provincia.

9. Principais conclusións

Estamos bastante satisfeitas co traballo realizado ao longo do ano e traballaremos para que continúe mellorando no vindeiro curso.

Valdoviño, xuño de 2022